

26- LIGA VETERANOS/AS MASCULINA E FEMININA

26.1. EQUIPOS PARTICIPANTES E INSCRICIÓN.

Esta categoría estará formado polos equipos da Comunidade Autónoma Galega inscritos ao efecto. Os equipos deberá ser masculinos ou femininos.

26.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 15 de outubro de 2026 ás 13.00 ho.

26.3. XOGADORES/AS

Os equipos estarán compostos por un mínimo de 8 e un máximo de 18 xogadores/as nados/as nos anos 1992 ou anteriores.

Polo menos unha semana antes do campionato deberán inscribirse os xogadores/as na Intranet.

Os xogadores/as con licenza da liga de veteranos/as non poderán xogar en ningunha categoría sénior. Os xogadores/as con licenza nas ligas sénior non poderán xogar na liga de veteranos/as.

26.4. SISTEMA COMPETICIÓN.

O sistema de competición será remitido polo Comité de Actividades na semana seguinte ao remate do prazo de inscrición. Devandito sistema de competición será adaptado ao número de equipos inscritos.

A normativa de xogo será regulada pola FEB.